



## AVISO

### **Axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a persoas físicas**

O Instituto de Estudos do Territorio publicou no Diario Oficial de Galicia o 19 de xaneiro de 2022 a Resolución do 20 de decembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia no competitiva, das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a persoas físicas (MT402A).

#### **Actuacións subvencionables:**

- a) Revestimento e/ou pintado de paramentos cegos de fachada que actualmente estean rematados con materiais ou solucións construtivas non axeitadas para quedaren á vista, como fábrica de ladrillo, de bloques de formigón, formigón ou morteiro de cemento.
- b) Renovación do acabado dos paramentos cegos de fachadas, carpintarías ou cerrallarías exteriores, que supoñan un impacto paisaxístico como consecuencia do deficiente estado de conservación ou da tonalidade e/ou a intensidade da actual cor de acabado.
- c) Remate ou renovación do acabado exterior de cubertas que, ben por estar rematadas con pranchas de fibrocemento ou solucións construtivas non axeitadas para quedaren á vista, ben por atoparse nun deficiente estado de conservación, constitúen un impacto paisaxístico.
- c) Revestimento de muros de cerramento de predios realizados con ladrillo ou bloques de formigón, sen revestir.

#### **Prazo de presentación:**

**Ata o 21 de febreiro de 2022**

#### **Contía da axuda:**

A contía da axuda será do 70 % do investimento subvencionable, co límite de 3.000 € por solicitante e ben.

#### **Beneficiarios:**

Persoas físicas titulares dun inmovible ou ben sobre o que pretendan realizar algunha/s das actuacións establecidas na resolución de convocatoria.

#### **Enlace á convocatoria:**

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220119/AnuncioG0192-221221-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220119/AnuncioG0192-221221-0001_gl.pdf)

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.

O alcalde, Luís Menor Pérez.

